

# Polideportivo



REAL FEDERACIÓN  
GALEGA DE FÚTBOL



## FÚTBOL SALA COPA GALLEGA SENIOR MASCULINO

LUGO 2019



### LUGO

PALACIO MUNICIPAL DE LOS DEPORTES DE LUGO



- VINCIOS CEREIXA GONDOMAR F.S.
- VILLA PETRONI STELLAE F.S.
- VERÍN SALA
- C.D. LUGO SALA

### SEMIFINALES: SÁBADO 1 DE JUNIO


- 16:30 h.: C.D. LUGO SALA – VERÍN SALA
- 18:30 h.: STELLAE F.S. – V.C. GONDOMAR F.S.

### FINAL: DOMINGO 2 DE JUNIO

- 12:30 h.: GANADORES SEMIFINALES



Colaboran:





## FÚTBOL SALA

**Hoxe. Pazos de Borbén**  
**PAZOS DE BORBÉN-RIBEIRA**

O Ribeira ten esta tarde en Pazos de Borbén a cita decisiva da temporada. Un empate ou unha vitoria ante o equipo ourensán serviríalles aos de Arcadio Vega para gañar a liga e setar o ansiado ascenso á Segunda División.

### COMPETICIÓNS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
1ª Div. F	Palau Club	Burela FS	PM Sabadell	Hoxe, 18:00h
2ª Div.	A Estrada	Casás	PM Cuntis	Hoxe, 18:00h
3ª Div.	Pazos Borbén	Ribeira FS	PM Pazos	Hoxe, 20:00h
3ª Div	P. Barreiros	Red Blue 5 Coruña	PM Barreiros	Hoxe, 18:30h
3ª Div.	Begonte	Campito FS	PM Begonte	Mañá, 13:00h



**Hoxe. Zaragoza**  
**CAMPIONATO ESPAÑA ALEVIN**

O Ribeira Fútbol Sala parte coa ilusión por bandeira. O conxunto galego, despois de facerse a pasada fin de semana co título autonómico, xogará esta fase previa do Campionato de España en Aragón. O Ribeira forma parte do Grupo C xunto co Sala Quinto (Aragón), o CDE Arenas (Cantabria) e o Zaratán Courviset (Castela e León).

A fase previa terá lugar esta fin de semana e ao igual que nas categorías infantil masculino e cadete masculino tan só os campións de grupo en ambas as categorías accederán á final a catro.



## BALONMÁN

**Hoxe e mañá. Viveiro**  
**VIVEIRO DE BALONMÁN**

A octava edición do Viveiro de Balonmán reúne esta fin de semana no concello de Viveiro a preto de 350 nenos e nenas chegados dende distintos puntos da xeografía galega e asturiana. O torneo, que nesta edición alcanza unha cifra récord de participación, volverá contar con equipos benxamíns e alevíns mixtos, así como de categoría infantil feminina e masculina.

A competición, organizada polo BM Viveiro en colaboración coa Federación Galega de Balonmán, arrancou a tarde do pasado venres, ás 18.30 horas, e pecharase o domingo ás 15:00 horas, despois de mais de sesenta partidos que se disputarán entre os pavillóns Municipal, Antonio Tarrío e Vilar Ponte. Hoxe, completáanse as rondas previas cos equipos divididos en grupos.

Na competición, tomarán parte 26 conxuntos representando a 11 clubs, colexios ou asociacións deportivas, e nos mesmos haberá representación de tres provincias galegas Lugo, A Coruña e Pontevedra, así como do Principado de Asturias. Ademais do anfitrión, BM Viveiro, sumaranse ao torneo Lucus, Castroverde, Línea 21, OAR Ciudad, Lalín, Atlántico, Bosco, Rodeiro, Cariño e Quirinal.

As finais xogaranse todas seguidas no pavillón Municipal de Viveiro a partir das 11.30 horas, procedéndose despois das mesmas á entrega de trofeos. Comezaran os benxamíns e seguirán os finalistas das categorías alevín e infantil.



## KARATE

**Mañá. As Pontes**  
**CAMPIONATO GALEGO CLUBS**

Club Galaico, Club Shiyan e Club Chantada participarán mañá no Campionato Galego de Clubs que se celebra no polideportivo municipal das Pontes, en xornada de mañá, a partir das 9:30 horas.

Na competición participan un total de sesenta e catro equipos (200 deportistas) de quince clubs galegos nas modalidades de kata e kumite por equipos nas categorías Alevín, Infantil, Xuvenil, Cadete, Júnior e Sénior masculino, feminino e mixtos.



## HOCKEY

**Hoxe. Lugo**  
**FINAIS CAMPIONATOS GALEGOS**

O pavillón Daniel Cordido Castro de Lugo decidirá esta fin de semana os campións galegos de hockey liña das categorías benxamín, alevín e sénior tanto masculina como feminina. Os campións decidiránse en finais a catro.

Hoxe disputáanse as semifinais, de benxamín e alevín pola mañá e de sénior pola tarde.

Os equipos lucenses Peque Lóstregos e Minimeigas aspiran ao título na categoría benxamín. Mediránse nas semifinais a Morcegos (10:00 horas) e Galicia Rollers (12:30 horas).

Os conxuntos alevín dos clubs lucenses tamén loitarán polo campionato. Meiguíñas terá que verse nas semifinais con Vigo Blue Ringe (11:15 horas) Lóstregos enfrontarase a Morcegos (13:45 horas).

Na categoría sénior feminina, Lóstregos medirase a A Guarda HL (17:00 horas) e Meigas a Alquimia Inline (19:30 horas). Na masculina, Lóstregos Master enfrontarase a A Guarda (18:45 horas) e Lóstregos a Brigantium (20:45 horas)

Mañá xogaranse as finais que decidirán os títulos, ás 10:00 horas comezará a final benxamín, ás 11:15 horas, a alevín, ás 17:00 horas a sénior masculina, e ás 18:30 horas, a feminina.



## TRIATLÓN

**Hoxe. Lugo**  
**ACUATLÓN**

O Club Fluvial de Lugo organiza esta tarde unha competición de acuatlón, modalidade do triatlón que combina atletismo e natación. A proba combina a carreira a pé coa natación en augas abertas e convoca a deportistas de todas as categorías desde benxamín ata veteranos.

Máis de 200 triatletas duns vintecinco clubs de toda Galicia formalizaron a súa inscrición nesta cita. Cidade de Lugo Fluvial, San Ramón de Vilalba, Tri-Penta Terras de Lugo e Montepenarubia Running Lugo achegan uns corenta participantes á proba que comeza ás 16:00 horas.

De fóra da provincia, chegarán deportistas de Club Triatlón Compostela, AD Fogar, Trisada, Club Natación Cedeira, Natación Pabellón Ourense, Náutico de Narón, Natación Riveira, Club de Atletismo Porriño, Natación Liceo, Olímpico de Vedra, Triatlón Ferrol, Ourense Atletismo, Triatlón Arteixo, Triatlón Boiro, Hércules Termaría, Tri Ourense, Triatlón Mar de Vigo, Nosporlimit ou Inforhouse Santiago.



## NATACIÓN

**Hoxe. Lugo**  
**FESTIVAL DE PROMESA**

Esta tarde celébrase na piscina do Club Fluvial de Lugo o Festival Galega de Promesa, que reúne uns 250 nadadores e nadadoras entre os 7 e os 9 anos. Trátase dunha cita especial para estes deportistas xa que supón para moitos e moitas a primeira proba fóra das piscinas nas que adestran nos seus propios clubs.

O evento, con carácter lúdico máis que estritamente competitivo, convoca a trece clubs de toda Galicia. Ademais do anfitrión, o Club Fluvial de Lugo e o Portamiñá que representan a natación provincial, participan na proba Pabellón Ourense, Mariña Ferrol, CN Coruña, Sporting Casino, CN Ferrol, Rías, CN Vigo Rías Baixas, CN Galaico, CN Pontareas, CN Liceo, CN Culleredo e Sociedade Deportiva Cultural Boiro.

A competición arrancará ás 17:00 horas. Ao longo da tarde disputáranse probas individuais de 50 bolboreta, 50 costas, 50 braza e 50 libres e probas de relevos por equipos, 8x25 estilos e 8x25 libres



## CICLISMO

**Mañá. Muimenta**  
**QUEDADA CLUB PEDALETAS**

O Club BTT Pedaletas de Muimenta celebra mañá a sétima edición da súa quedada anual. Os afeccionados están citadas para as 9 da mañá na praza de Muimenta desde onde partirán as dúas rutas previstas.

A primeira será de 50 quilómetros e 900 metros de desnivel e a segunda será de 40 quilómetros e 700 de desnivel. Ambas as dúas don de dificultade media-baixa.



## ATLETISMO



**Hoxe. Lugo**  
**CAMPIONATO GALEGO SUB 10 E SUB 12**

As pistas do Gregorio Pérez Rivera acollen durante a mañá os campionatos galegos sub 10 e sub 12, organizado pola Federación Galega de Atletismo. Desde as 10:00 horas celebraranse as finais das distintas probas de velocidade, marcha, altura, peso, lonxitude e pelota.

Clasificaranse para disputalas as dezaseis mellores marcas da actual tempada. Cada atleta participará nun máximo de dúas probas do programa e categoría. No caso de ser carreiras, soamente unha superará os 250 metros. Nos concursos os deportistas terán catro intentos.

Enrique Garcia de Franciscanos en 1000 metros, Carlos Docampos de Maderas Barcia Lourenzán en altura, Eva Rouco de Lucus Caixa Rural en 500 metros, Lidia Balseiro de Maderas Barcia Lourenzán en 1000 metros, Ilse Prado e María Mourelle de Lucus Caixa Rural en lonxitude, Andrea Trigo e Alba Galán de Franciscanos en pelota (200 gramos), Eyrám Sefenu de Lucus en pelota (300 gramos) e Alba Menán de Atletismo Friol en 1000 metros marcha son algúns dos atletas lucenses con mellores marcas inscritas.

Na cita participan deportistas de clubs de toda Galicia. Entregaranse premios aos mellores atletas de cada proba en cada unha das categorías.

**Mañá. Bóveda**  
**CARREIRA SOLIDARIA RÍO MAO**

O Club Horticeiros Aventura organiza mañá en Bóveda a décimo segunda edición da Carreira Solidaria Río Mao, con saída e meta na Área Recreativa Muíño do Xil.

As carreiras das categorías de menores arrancarán a partir das 11:00 horas e a competición absoluta dará comezo ás 12:45 horas. Os percorridos e as distancias varían en función das idades.

Pitufos, 80 metros  
Prebenxamín, 200 metros  
Benxamín, 400 metros  
Alevín, infantil e cadete, 1600 metros  
Xuvenil a veteranos, 7400 metros

Os dorsais e chips entregaránse na carpa da organización, na área recreativa, dende as 10:00 horas ata media hora antes do inicio de cada proba. Haberá servizo de duchas a disposición de todos os atletas situados no pavillón municipal.

Entregarase un trofeo conmemorativo ao primeiro clasificado en cada categoría e medallas ao segundo e terceiros. A entrega de trofeos e medallas terá lugar unha vez finalizadas a proba absoluta, a partir das 13:30 horas.

**Mañá. Lugo**  
**CARREIRA DO CAMIÑO**

Mañá celébrase a Carreira do Camiño, organizada pola Agrupación Deportiva La Merced.

A saída da carreira absoluta de 10 quilómetros, reservada para homes e mulleres antes de 2003, será ás 12:00 horas. A proba disputarase sobre un circuito que combina terra e asfalto entre o Colexio La Merced e As Aceas.

Haberá tamén carreiras de promoción para menores que se desenvolverán a partir das 11:00 horas, con diferentes distancias.

Mini (2012 a 2015), non competitiva, 400 metros  
Benxamín e alevín, 850 metros  
Infantil e cadete, 1300 metros

Ás 12.15 horas comezará unha andaina popular de 7 quilómetros. A organización disporá de servizo de duchas e vestiarios no Pavillón do Chanto, a 500 metros da liña de saída e meta. Entregarase un trofeo aos tres primeiros da xeral en homes e mulleres da carreira absoluta, e outro ao mellor clasificado ou clasificada local. Os tres primeiros da cada categoría de menores recibirán nunha medalla.

# TENIS

## Hoxe. Oleiros e Lugo FASE FINAL CADETE

A partir das 11:30 horas, o Club Tenis As Termas xoga a semifinal polo título galego de División de Honor contra o Ureca. Se superan a eliminatoria, o seguinte escollo dos lucenses de cara ao campionato da categoría sería o gañador da outra semifinal, que disputan Club de Tenis Pontevedra e Club de Tenis Coruña.

Esta tarde Club Deportivo D10 xoga en Arteixo contra Zona Indoor a semifinal polo título de Primeira División. Gondomar e Náutico de Vigo xogan a outra semifinal do torneo esta mañá ás 10:00 horas. Entre os gañadores das eliminatorias estara o futuro campión galego da categoría.

Ademais, durante a fin de semana segue en marcha o torneo do Club de Tenis As Termas no que participan un centenar de xogadores das categorías benxamín, alevín, infantil, cadete, júnior, absoluta e veteranos.

# PIRAGUISMO

## Hoxe. San Cibrao LIGA PROVINCIAL

O encoro de Rio Covo acollerá o sábado, 1 de xuño, a segunda regata da novena Liga Provincial, organizada polo Club Deportivo San Ciprián, coa colaboración do Concello de Cervó.

En total estímase que serán máis de 200 deportistas os que se darán cita no encoro, para competir nas categorías prebenxamín, benxamín, alevín A e B, infantil A e B, cadete, xuvenil, sénior e veterano; todas elas probas mixtas, nas modalidades K1 e C1.

A competición comezará ás 10:30 horas e participarán o Club Fluvial de Lugo, o club de piragüismo Cidade de Lugo, o Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo, o Kayak de Foz, o club de piragüismo de Viveiro, e o club local, o CD San Ciprián.

O Cidade de Lugo, que gañou a primeira proba da liga o pasado 1 de maio, defenderá o liderado. A segunda e terceira posición do podio foron para o Club Fluvial de Lugo e para o Club Piragüismo Altruán respectivamente.

A Liga Provincial consta de seis probas polo que, tras a de hoxe, quedan por disputar outras catro, en Lugo, Ribadeo, Viveiro e Foz, onde se celebrará a derradeira en setembro.

# MONTAÑISMO



## Hoxe. Baleira INICIACIÓN Á ESCALADA

O domingo realizarase na zona de escalada de Baleira unha actividade de iniciación tutorizada por técnicos da Escola Galega de Montañismo e o Concello. A área conta con vinte e sete itinerarios equipados de escalada clásica que complementan as trece vías preparadas para a escalada deportiva.

A práctica realizarase na área de escalada de Penas de Vilariñ, recentemente acondicionada pola Federación Galega de Montañismo e o Concello. A área conta con vinte e sete itinerarios equipados de escalada clásica que complementan as trece vías preparadas para a escalada deportiva.

A actividade completa o programa das Xornadas Estatais sobre mantemento de zonas de escalada no medio natural, que se celebran desde hoxe no auditorio do Cádavo onde se desenvolverán diferentes conferencias e unha mesa redonda sobre os equipamentos nas zonas naturais, dende un punto de vista deportivo, de natureza, conservacional e xurídico.

O obxectivo das xornadas é estudar e poñer de manifesto as problemáticas do mantemento, reequipamento, e equipamento de áreas de escalada en España, a través dun análise de proxectos en diversas zonas da península.

# BILLAR

## COMPETICIÓN BILLAR

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Galega A	O Braseiro	Bolita Nocturna	Hoxe
Galega A	Chámalle X	Mouchos	Hoxe
Galega A	Pigeons.es	Pub Omega	Hoxe
Galega A	Como Sempre	D'Vuelta	Hoxe
Galega A	Pingos	Santa Compañía	Hoxe
Galega A	Revestimientos Raposo	Flama	Hoxe
Ind. 2º	Marcos Glez	Nery Fdez	Hoxe
Ind. 2º	Jose Capón	Jose Cazón	Hoxe
Ind. 2º	Jorge Blanco	Jose M. Diaz	Hoxe
Ind. 2º	Iván Rey	Carlos Palmeiro	Hoxe
Ind. 2º	Alberto Rguez	Victor Castro	Hoxe
Ind. 3º	Enrique Freire	Leire Folgueira	Hoxe
Ind. 3º	Borja Argerey	Jose Sampaio	Hoxe
Ind. 3º	Mario López	Laura Sarai	Hoxe
Ind. 3º	Jaime Fontal	Rubén Fdez	Hoxe
Ind. 3º	Carlos M. Ferrandiz	Ángel Doural	Hoxe
Ind. 3º	Amalia Buidé	Mar Expósito	Hoxe
Ind. 3º	Samuel Yanes	Justo Rguez	Hoxe
Ind. 3º	Bruno Rguez	Iván Meilán	Hoxe
A Costa	Felipe Manin	Jose Candal	Hoxe
A Costa	Emilio Rego	Iván Fdez	Hoxe
A Costa	Ignacio Fdez	Manuel Uría	Hoxe
A Costa	Nacho Fdez	Óscar García	Hoxe
A Costa	Luis Dayán	Demetrio Salgueiro	Hoxe
C. Esp. OP	ASTB	Los Tercera	Hoxe
C. Esp. OP	Atraque	Bordados Lugo	Hoxe
C. Esp. TM	O Braseiro	Poolmonía	Hoxe
C. Esp. TM	Siglo XXI	Bolita & Bolita	Hoxe

# DARDOS

## COMPETICIÓN DARDOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	DATA
Liga G. 1	Game of Darts	Bar Pacheco	Mañá
Liga G. 3	O Chao 1	Santa Cruz A	Mañá
Liga G. 4	Chacaritas	Estreitoteam	Mañá
Liga G. 4	O Chao 2	Eu que sei	Mañá
Liga G. 4	Pipoka Team	A Pau Seco	Mañá
Liga G. 5	Politécnica	Bar Nela	Mañá
Liga G. 7	A Bichería	Gaudinos	Mañá
Liga G. 8	O Chao 3	Bar Curra	Mañá
Liga G. 8	Ruxedarts	Haberlos haitos	Mañá
Liga G. 9	A Veiga	Timón	Mañá
Liga G. 9	Pub Tibor	Perfil	Mañá
Liga G. 9	Paris Brothers	Outeiro a Kova	Mañá
Liga G. 10	Perfil	Undertarke	Mañá
Liga G. 10	Relámpagos	Relámpagos	Mañá
Liga G. 12	Venus	Salgueira	Mañá
Liga G. 13	Porco Celta	Enxebre	Mañá
Liga G. 14	Non podemos conelas	Nin Pescado	Mañá
Liga G. 15	Bar Gaucho	Os de Arriba	Mañá
Liga G. 16	Paradeladarts	Los Languis	Mañá
Liga G. 16	Breogán	Tento	Mañá
Liga G. 16	Politécnica	Breogán	Mañá
Liga G. 17	Ángeles del infierno	Meira 3	Mañá
Liga G. 17	Braseiro	Paradeladarts	Mañá
Liga G. 17	D10	A Pas	Mañá
Liga G. 18	Campesiños	El Balcón	Mañá
Liga G. 18	Club Náutico	Félix	Mañá
Liga G. 19	Non teñen tempo	Ismael	Mañá
Liga G. 20	Coco Loco	A Parra	Mañá
Liga G. 21	Centro Cultural	Zulo Team	Mañá
Liga G. 21	Fevisa	Tiempos	Mañá
Liga G. 22	Avenida	Os que faltaban	Mañá

# ORIENTACIÓN

## Hoxe. Oleiros CAMPIONATO GALEGO DE SCORE

Fluvial de Lugo e Vilalba BG participan hoxe na terceira proba da Liga Galega de Orientación a Pé que se celebra en Oleiros, organizada pola Sociedade de Montaña Ártabros. A competición decidirá tamen o campión galego de Score.

O punto de encontro será o pavillón municipal. A proba celebrarse na zona de Bastiaqueiro. A saída do primeiro turno de corredores está programada para as 11:00 horas. Ás 13:30 horas será o peche de meta e entregaranse os trofeos.

# BALONCESTO

## COMPETICIÓN

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
2º Cad. Masc	San Ciprián	Basket Ferrol	Burela	Hoxe 19:00h
2º Inf. Masc	AXSC	Cía de María	Anexo	Hoxe 20:00h
2º Inf. Fem	CB Burela	Basquet Coruña	Vista Alegre	Mañá 18:00h

# FÚTBOL

## COMPETICIÓN FÚTBOL NACIONAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Liga 1-2-3	CD Lugo	Tenerife	Anxo Carro	Mañá 20:00h
Copa Pref/1ª	Lemos	Foz	A Pinguela	Mañá 17:00h
Copa Pref/1ª	Riotorto	Chantada A.	A Veiga	Mañá 18:00h
Copa Pref/1ª	Sarriana	Ribadeo FC	O Gandarón	Hoxe 18:00h
Copa Pref/1ª	O Páramo	Castro	As Rapadas	Hoxe 17:30h
Copa Pref/1ª	Friol A	Santaballés	A Reigosa	Mañá 16:30h
Copa Pref/1ª	Monterroso	Taboada	Cerdeiriños	Mañá 17:00h

## COMPETICIÓN FÚTBOL PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa 2º/3º	Comercial	Cabreiros	R. Lago	Mañá 18:00h
Copa 2º/3º	Roupar	Meira	O Novo	Mañá 17:30h
Copa 2º/3º	Antas	Club Lemos B	C. Seoane	Mañá 19:00h
Copa 2º/3º	San Lázaro	Palas	A Ponte	Hoxe 18:30h

# F. VETERANOS

## COMPETICIÓN FÚTBOL VETERANOS

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Copa Vet.	Albense	Pontenova	C. Lamas	Mañá 10:30h
Copa Vet.	Ferrovial	O Picato	L. Gorgoso	Mañá 12:00h
Copa Vet.	Outeiro de Rei	Sarriana	Municipal	Hoxe 16:00h
Copa Vet.	Momán	Abadense	Da Veiga	Mañá 11:30h
Copa Vet.	A Canteira	Corgo	A Canteira	Hoxe 19:00h
Copa Vet.	Rábade	Albeiros	A Fonte	Hoxe 19:00h
Copa Vet.	Monterroso	Comercial	Cerdeiriños	Mañá 11:00h
Copa Vet.	Begonte	Peñarol	C. de Pacios	Hoxe 19:00h

# FÚTBOL BASE

## COMPETICIÓN FÚTBOL BASE PROVINCIAL

CAT.	LOCAL	VISITANTE	LUGAR	DATA
Ascenso Cad.	Conxo B	Polvorín	Santiago	Hoxe 12:00h
Ascenso Cad.	Calasancio	Cristó Victoria	Álex Blanco	Hoxe 11:30h
Ascenso Inf.	Numancia	Burela SD	P. Vello	Hoxe 17:30h
Ascenso Inf.	SD Viveiro	Cambre	Marcos Gómez	Hoxe 12:00h
Copa Xuv.	Polvorín	Lourenzá	Polvorín	Hoxe 16:00h
Copa Xuv.	Sarriana	Residencia B	A Ribela	Luns 19:00h
Copa Cad.	Sarriana	Pontenova	A Ribela	Mañá 18:00h
Copa Inf.	Piringalla	CD Lugo B	L. Gorgoso	Hoxe 12:00h
Copa Inf.	Lourenzá	SD Ribadeo	Santa Cruz	Hoxe 11:00h

# FÚTBOL

## Hoxe e mañá, Ribadeo TORNEO SD RIBADEO

Ribadeo acollerá esta fin de semana a segunda edición do Torneo Cadete, que organiza a SD Ribadeo e que reunirá na localidade a deza-seis equipos procedentes de Galicia, Asturias, País Vasco e Castela-León.

A competición desenvolverase no campo Pepe Barrera, de Ribadeo, e no Trénor, na veciña localidade asturiana de Barres. Os participantes iniciarán o torneo divididos en catro grupos.

O grupo A estará formado poro Barres, Ribadeo B, Galicia Caranza e Sestao River. No grupo B, competirán Andrés, Peña O. Beryma, Rácing Club de Ferrol e Viveiro. No grupo C, Ribadeo A, Marino de Cudillero, Casás e Laguna de Valadlold. No grupo D, xogan LaCaridad, Ural, Milagrosa e Zamora.

A fase previa disputarase durante ao longo desta xornada, desde as 10:00 horas, e o domingo pola mañá. Á tarde disputaranse cuartos de final e semifinal. A final está para as 19:45 horas.

A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
CO DEPORTE

# LUGO SALA

## O LUGO SALA BUSCARÁ POÑER A GUINDA Á TEMPORADA COA COPA GALICIA e xa ten en marcha un novo clinic de adestradores

O equipo lucense, que logrou o ascenso a Terceira, prepara un clinic de adestradores de fútbol sala para o vindeiro 9 de xuño.

Tras finalizar as ligas a pasada fin de semana, esta o Pazo Municipal de Deportes de Lugo será escenario da final da Copa Gallega de fútbol sala na categoría Preferente que disputarán catro equipos: Vincios Cereixa Gondomar FS, Villa Petroni Stellae FS, Verín Sala e CD Lugo Sala.

O club lucense, que actuará como anfitrión do evento, inaugurará a competición coa disputa da primeira semifinal contra o Verín Sala ás 16:30 horas. Ás 18:30 horas, mediranse o Villa Petroni Stellae FS e o Gondomar FS. A final disputarase mañá ás 12:30 horas.

O equipo de Félix Julio buscará redondear coa Copa unha exitosa campaña na que lograron o ascenso a Terceira División, categoría na que se estrearán o vindeiro curso. O conxunto lucense promociona tras acabar a liga como terceiro clasificado do Grupo Norte, con 24 vitorias, catro empates e só dúas derrotas.

### Clinic de adestradores

O Lugo Sala prepara tamén a segunda edición do Clinic de adestradores de fútbol sala, que puxo en marcha o ano pasado cun gran éxito de participación ao reunir 78 asistentes. A xornada desenvolverase o vindeiro 9 de xuño no Pazo de Feiras e Congresos, que acollerá sesións teóricas e prácticas a cargo de destacadas figuras do panorama español.

Os convidados abordarán asuntos diversos, expoñendo os seus coñecementos e experiencia en temas como o deporte de elite, o traballo cos porteiros, a psicología e coaching deportivo ou o traballo coa base e a formación.

### Ponentes

No cartel desta segunda edición do clinic, figuran Marc Carmona, adestrador do FC Barcelona durante doce anos e artífice do despegue e dos éxitos desta sección do club blaugrana nos últimos anos; Dani Rodríguez, adestrador do Jaén Paraíso Interior e actual Campeón da Copa de España; Juanma Marrube, que vén de ascender á Primeira División da Liga Nacional de Fútbol Sala ao Pescados Rubén Burela FS, ou Diego Gacimartín, quen tras un gran final de temporada mantivo na máxima categoría ao Naturpellet Segovia.

Ademais, os participantes poderán escoitar a César Arcones, un dos formadores de porteiros máis recoñecidos de España, membro do corpo técnico da selección española absoluta e actualmente director da escola de porteiro Stoppol. Tamén

## II CLINIC

de entrenadores de fútbol sala

SÁBADO 9 DE JUNIO DE 2018 - PAZO DE FERIAS Y CONGRESOS DE LUGO

**MARC CARMONA**

*"Proyecto La Masia 300"*  
*"Las tomas, la percepción y la toma de decisiones"*

**DANI RODRÍGUEZ**

*"Estructuras de tomas para el ataque con pivote"*

**CÉSAR ARCONES**

*"Propuesta metodológica del entrenamiento específico del portero (de la técnica individual a la táctica colectiva)"*

**MAR ROVIRA**

*"Distancias para controlar equipos de alta rendimiento"*

**DIEGO GACIMARTÍN**

*"Trabajo de los fundamentos defensivos"*

**JUANMA MARRUBE**

*"Ataque organizado. Equilibrio entre 4d y 3d1"*

**DANI DÍAZ**

*"Propuesta metodológica para la prevención de lesiones y preparación física en la base"*

CUOTA INSCRIPCIÓN

70 €

- Asistencia a todas las ponencias.
- Comida incluida.
- Detalles como recuerdo de la participación.
- Entrega de las ponencias en video.

DESCUENTOS

- Socios ANFS 50% de descuento (35 €).
- Grupos de cinco personas o más que se inscriban de forma conjunta (65 € / persona).
- Personas que asistieran a la primera edición (65 €).

PROMOCIÓN DE LA ACTIVIDAD

677 65 06 46
[www.lugosala.com](http://www.lugosala.com)
 [info@lugosala.com](mailto:info@lugosala.com)

mén intervirá a psicóloga deportiva Mar Rovira, que se especializou en coaching tras unha exitosa carreira no baloncesto feminino de elite, ou Dani Díaz, preparador físico, recuperador de lesións e adestrador de ADC Lugo Sala.

A xornada arrancará ás nove coa presentación e a benvida a asistentes e convidados. A sesión desenvolverase no salón de actos e na pista deportiva ata as

21:00 horas, cando está prevista a clausura.

### Inscripcións ata o 7 de xuño

O prezo total da actividade é de setenta euros. O pago dará dereito á asistencia aos sete relatorios, un máis que na pasada edición. Trala celebración do clinic, o club proporcionará a todos os asistentes os relatorios en formato de video. As inscricións están abertas ata o vindeiro 7 de xuño.

A DEPUTACIÓN  
DE LUGO  
CO DEPORTE